

Núm. 64

Tomo 6.<sup>o</sup>

# rós

CASTILLAS



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.<sup>o</sup>—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00
Número solto	0'70

NOTA

*Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.*

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Romances mariñeiros de calma rianxeira, por ARTURO NOGUEROL.  
O Asilo azul (conto), por A. VILLAR PONTE.  
As insculturas do Coto do Corno, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.  
Do século XIX — Un Latrofaccioso, por R. OTERO PEDRAYO.  
As industrias líticas da Guardia — Novas estazóns, por MANUEL F. COSTAS.  
Arquivo Filolóxico i-Etnográfico de Galiza.  
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES, DISCOS  
AGÜLLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Habogado

Sto. Domingo, 47-2.<sup>o</sup>

Ourense

# EMINENTE CREAÑÓN CENTÍFICA

Milleiros de certificados irrefutabres de Xueces, Fiscales, Xefes do Exército, Inxenieiros, Cregos, etc., etc.

## Enfermos PRODI ¡ollos! dos ollos PÁRPADOS ENFERMEDADES INTERNAS I-EXTERNAS

Marca rexistrada según as leis

Prepado pol-o Doctor X. Martínez Menéndez

Condecorado coa Cruz do Mérito Militar por servicios profesionaes.

Específico único en todo o mundo; que cura radicalmente as enfermedades dos ollos, por graves e crónicas que sexan, con rapidez asombrosa, evitando operazóns quirúrxicas que con tanto fundamento atemorizan os enfermos. Desaparición dos dolores e molestias coa sua primeira aplicación. Eminentemente eficaz nas oftalmías graves e por excelencia as granulosas (granulacións purulenta e blenorragia, queratitis, ulcerazóns da córnea; rixas, etc.) As oftalmías orixinarias de enfermedades venéreas cúraas axiña. Maravilloso nas infecções postoperatorias. Fai desparecer as cataratas en período de formazón. Destruye microbios, cicatriz, desinfecta e cura para sempre. Non mais remedios arsenicais, mercuriales, nitrato de plata, azul metileno e outros tan temibles usados nas clínicas. As vistas débiles e cansas adequieren prodixiosa potenza visual. ¡Non mais brétemas! ¡Sempre vista moi crara! ¡Non fracasa endexamais! O 99 por 100 dos enfermos dos ollos cúranse antes de rematar o primeiro frasquiño do específico.

Cura sin quelmar PRODIGALUZ Cura sin irritar

PRODIGALUZ eclipsa para sempre o tratamento pol-os colirios conocidos deixa hoxe en todolos gabinetes oculísticos; colirios que na maior parte dos casos non fan más que empeoraren o mal, irritando orgán tan importante como a mucosa conjuntival. Fai desparecer o nitrato de plata, causa de verdadeiro terror dos enfermos e de moitas cegueiras. Aplíquese nos recén nados sin temor algúin.

PRODIGALUZ cura o glaucoma

PRODIGALUZ é completamente inofensivo, e produce xurdios resultados sin causal-a menor molestia os enfermos. Detén a miopia progresiva. ¡Enfermos dos ollos! Estade seguros que curaredes en brevíssimo tempo usando o portentoso específico PRODIGALUZ (Eisixide a firma e marca no precinto da cuberta).—Prezo do frasquiño: 40 pesetas.

Direición xeneral: Sucesor de E. Cuadrado, M. Martínez Cuadrado. - S. Buenaventura, 7, Madrid

ENVÍOS A TODAS LAS PARTES :: PAGOS POR XIRO POSTAL

¡Eisito infalible! Sin cocaína, atropina nin ningunhas outras substancias peligrosas como se pode comprobar sometendoo a un minucioso análisis cualitativo

!! ÚNICO NO ORBE !!

M. MARTÍNEZ CUADRADO, Sucesores de E. Cuadrado. - San Buenaventura, 7, Madrid

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,  
e escrusiva da

## CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Droguería e Farmacia  
**LUIS FÁBREGA**

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE  
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan  
millor. Véndese en todolos estabre-  
cimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

## Os Camiños da Vida

por R. Otero Pedrayo.

**BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE**

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE  
LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macia e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

**SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO**

SANTIAGO DE GALICIA  
DE LOS PROFESORES

**D. Fernando Alsina** y **D. Antonio M. de la Riva**  
CIRUJANO GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todolos elementos que exixen  
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas  
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura  
Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XI



Ourense 15 de Abril do 1929



Núm. 64

## Romances Mariñeiro da Calima Rianxeira

### MAÑAN

Ó ollecer o dia  
Luce fermoso o luceiro  
Com-on foguete botado  
Por NOSO SEÑOR DO CEO.  
Sona o corno n-a Ribeira  
Pregoando peixe no puerto  
E pol-o lombo das ondas  
Veñen esbarand'os xeitos,  
Con outas foulas de prata  
E ronsels de terciopelo  
E velas ben encascadadas  
E dous riciños de vento  
Y-o timón un mozo novo  
Pr'o que o mar non ten secretos;  
Ús traen unha pichada  
Y-outros, non sei que milleiros,  
De sardiñas e fanecas  
E lorchas e mais xurelos.

### MEDIODÍA

Por enriba da Barbanza  
Cruza o aire un papaventos,  
Puxante e metendo estrondo  
Com-on cabalo do démo,  
Y-o Sol que pol-a mañán,  
Saleu da festa moi cedo,  
Para o seu carro de trunfo  
Cima da costa do Ceo,

Leva xa os cabalos cansos  
E quérilles dar un bafexo:  
Treparon moiito camiño  
Envoltos n-o curuxeiro.

### SÓLPÓR

O Solpór, de xionllos, reza  
Sobr-as gradas do cruceiro  
Y-é o rezó d'amargura  
Que llendulza o pasamento,  
Mental-as sombras da noite  
Camiñan mui de lixeiro.

### NOITE

Canta a moza pol-a rúa  
E n-a praza o mariñeiro,  
Faino il pr-afogala pena  
Y-ela pra matal-o medo,  
Pois si hai mozas bonitas  
Das que non queren dar creto,  
Tamén n-a escuridade hai,  
Meigas, provisos e demos,  
Que non pescan á luzada,  
Pero fano b axexo,  
Seguros do desgoberno  
Do tarabelo do peito.

ARTURO NOGUEROL

Rianxo - Febreiro.



# O ASILO AZUL

(CONTOS)

Para Ramón Otero Pedrayo

O vello mendigo andaba a pedir polos camiños. Tiña unha barba longa e albariña e unhas grefas grises e revoltas desbor dantes d'un puchón de farrapos; unhos ollos vagaríñentos, unhos párpados vermellos, sin palpebras, e un pescozo sarmentoso rematando un favelo desforme, cheio de remendos porcos e inmundos, cuio estremo inferior eran duas grandes zocas de onde con grotesca folganza surxían unhas canelas osudas.

¡Cativas foran as derradeiras xornadas! O vello mendigo tiña fame, moita fame... Cubizaba matalo. Abandoando, pois, con gran traballo a soma das arbres apoiado na sua caiada de toxo, pillou pola curripa poirenta que vai á aldeia. Rastreábanlle os pés no chán con forte chocleteo e os seus farrapos prendianse nas silveiras, facendo fuxir os pardaeis. Brilaba o sol do mediodía no ár azul ateigado de rumores. Era o amplo val, late xante baixo a lumiosidade cegadora, com'a un miragre d'ouro e verdura. E os cumios dos montes no limpo e profundo ceio, parecían arelar, sutilizándose, unha sinxela trasparencia.

A tosca fasquia do vello mendigo, através dos milleiraes e dos prados, lembraba mesmameute un tangueiro d'escurrentalos páxaros. A tempo de camiñar, moitas vegadas a sua boca sin dentes, con beizos de miñoca, deitaba un salaio ou un bostezo, e a sua man tremelante, terrosa e enrugada com'a casca da noz, pousándose nas grefas grisáceas da frente, termaba de arredal o sol dos ollos vagaríñentos para poder fitar ó lonxe.

As primeiras casifías da aldeia atopábanse xa perto. Branquexaban entr'a follax da ar-

boreda e dos seus tellados rubía lento e sole ne, ó ar diáfano, o fume azul en volutas mestas e graciosas. O cheiro vexetal do campo misturábase co cheiro a pan quente.

Diante d'unha porta adoviada coas follas d'unha parra que proietaban inquedas randas de luz e soma nas paredes e no chan, parouse o vello mendigo. Os sarmentos retortos e trepadores como cóbregas, eran irmans da man que tendeu homildosa para acompañar ista doente salmodia:

—¡Pol-o amor de Deus, un anaquiño de pan para un probe vello que non pode gañalo!

Era a sua voz tan déble, manselha e tremelante, que ninguén chegou a escoitala. E volveu por iso a pregar, esforzándose no prego, e petando ó mesmo tempo coa caiada de toxo na porta.

—¡Un anaquiño de pan para este probe vello que morre de fame!

Do interior da casa c'o agradábel cheiro a cocinha, chegou un ruido de pratos no sobrado. Ó fin, con estrépito, abriuse a vidreira de sobre a parra, e unha moza rexia e coorada, tornando o sol da sua frente coa man cheia de luz, asomou o busto trunfal para mirar un momento ó que chamaba.

—¡Ai, señor, Diol-o ampare!

O mendigo ergueu os ollos vagaríñentos, de párpados vermellos, para pregar de novo n'un salaio triste saído do seu peito xa sin folgos, avalandose de xeito grotesco e cho cleando as zocas:

—¡Un anaquiño de pan que non poido mais!

—Diol-o ampare, señor; non se pode dar a

todos — berrou a moza, pechando de súpito a vidreira ond'o sol puxo un lostregueo forte.

O vello mendigo, como bêbedo, saloucante, suando frio, comenzou a se alonxar, sin forzas para falar nin ainda para bostezar. Unhas galifas que dormitaban na eira cercana esponxando preguizosas o negro prumaxe, iniciaron un xordo cacareo, ó sentiren o choclear das zocas. Un can tumbado con indolencia de gran señor á soma do palleiro e que tiña un óso, limpo e seco, ós seus pés, mirou ó vello con desdén, pechando os ollos novamente. O vello seguía en tanto o seu camiño, cara ás casas próximas. Unhos rapaces choutadores e agudos como parades, que quizabes voltaban da escola, coíndando bêbedo a fé, comenzaron a se bulraren d'el e a se riren. Improróu, emporiso, diante d'outra porta, e outra, e outra... ¡Inútilmente! «Deus o ampare irmán, hai moitos a quen socorrer», escoitou en todas. E inda que taes verbas chegaban ós seus ouvidos, apenas acertou a pensar que Deus poderia amparalo si os bós cristianos non'o amparaban.

Totalmente famento e rendido, vendo beilar com'unha chama cegadoira a paisaxe verdecente ateigada de sol ante as meniñas dos seus ollos, tordeando cada vez mais e apoiándose con traballo no pau de toxo e nas sebes do camiño, quixo tentar un derradeiro esforzo. Ouvianse moi perto risas e parolas esmorecidas pol-o forte balvordo d'unha fervenza. E avanzou, atraguido por elas, cásque a rastras.

Otos bidueiros e salgueiros c'os vellos troncos apreixados pol-a hedra, enhian de soma o camiño. A través do mesto follax penirábanse as brancas paredes d'unha casoupa — derradeira esperanza do mendigo — e escentilavan fulveas as augas tersas do río nas que a luz solar cabrilleaba cegadora.

O vello ergueu a sua voz, doente e tremelante, n'un supremo esforzo, para dominar o rouco marmurio da fervenza que cásque a carón d'él rúxia con estrondo, debullándose en escumas epilécticas e en fortes gargallas de cristal.

— ¡Un anaquiño de pan para o probe vellino que morre de fame!

À porta da casoupa, que era a casoupa de

un belido muíño aldeán, saiu o muíñeiro, un rapaz hércoleo de grosso pescoco escoando pingotas de suor, co'a face redonda e vermella e as roupas do traballo empoeiradas de farinha. Tras él asomáronse en feixe, curidosas, algunas mozas e vellas.

Ó veren aquel antero mendigo, porco, dobregado, coberto de farrapos, que s'avalaba grotescamente, coidáronno bêbedo, e o muíñeiro, socarrón e verboso, marmulou entr'as gargalladas ceibes das mulleres:

— O demo me leve si ese vello non percisa mais da auga que do pan.

— ¡Que non poido co'a fame... que non poido... Non vos riades! — dixo saloucante o mendigo.

Unha das mozas do muíño sintíndose moiva a compasión, escramou con verbas doces:

— Que Diol-o ampare, señor. Hai moitos a quen dare.

E outra moza, garrida e fresca, d'ollos moi churrusqueiros:

— ¡Ora o demon! Ese vello ten de sérvos meigo: Mesmamente parece un sapo.

Estralou súpeta unha gargallada en tódal-as gorxas; e o muíñeiro, as vellas e as mozas volveron a se adentraren no muíño.

Ficou só o mendigo: só co'a sua fame, co'a sua miseria e o seu desamparo, sin lle inspirar lástima a ninguén, sin ser creido de nai-de, sin atopar un ciríneo no seu amargurente e horribel calvario.

Saloucante e aparvado, arrastrouse pol-o cespede mol e vizoso deic'a cercana orela do río. Na limpa corrente da auga manselina, andaban a se refrexaren tremelantes as frondas verdes, os cumios das lenes montanas que pechaban o hourizonte e un anaco de ceo azul.

Chegou entón a se sentir atraguido por toda aquela moyilidade cristaña. Pensou no doce que tería de sel-o acougo no brando seo das augas limpas e frescas, lonxe dos camiños aspros e do sol abafante e cruel. Fallo do agarimo dos homes ¿non podería atopar ali o de Deus que os bós cristianos lle deseñaban por todo socorro? Ali, no anaco de ceo azul que espelleaba no río, algo chamába con amor. E hasta unha arbre lanzal, refreñada na linfa gurgullante, parecía abalar

as suas ponlas como brazos cariñentos abertos para o recibir.

O sapo humán, abandoando a caiada, posto a esbarar, cù en terra, xa sin vontade e pasenijo, pol-a donda ribeira, chegou a tocar co'as grandes zocas na auga que se esfranguiou en gurgullas cheias de luz, baixo d'elas. Seus ollos, cásque cegos, non viron mais que sol e verdura. Sigueu esbarando, esbarando... Unha frialdade de vidro rachador tomóulle as pérnas, chegándolle logo ó ventre, ó peito. Sintu de contado un marmullo xordo nos ouvidos e un bico de neve nas meixelas, unha onda fresca avasallante na gorxa, unha pesadez de chumbo xeado na cabeza, e derradeiramente, unha escuridade mesta cheia de estrelas azuis e un silencio denso e fondo...

Un merlo negro debullou o novelo dos

seus trinos pousado nas ponlas d'unha silveira. Unha limacheira escintilante com'a cebache, rastreando, palpou c'os seus corninhos moles a caiada abandoada. Ningunha outra esequia fúnebre tería o probe mendigo.

Entramenteis ó son grave da fervenza cantaba o muifleiro unha cantiga leda e piçareira que coreaban as mozas faladoras e risofias, como n'un rito pagán. A campana parroquial deitaba pol-o val lumioso e verdecente seus doces sons invitando os bós cristians a rezaren a oración do meiodía. E nos casas de perto, nos vellos camiños e na lonxana reitoral, moitos beizos bisbesullaban fervorosos: «El pan nuestro de cada dia...»

A. VILLAR PONTE

## AS INSULTURAS DO COTO DO CORNO

**ANTECEDENTES.**— Debemos o conocimento de istas insculturas ó noso amigo o sabio entomólogo e catedrático do Instituto de Santiago, Dr. Luis Iglesias, que n'unha das suas xeiras científicas polos montes redondelanos tivo a fortuna de descubrillas e a curiosidade de deseñalas e medilas cuidadosamente.

A ista circunstancia verdadeiramente feliz débese tamén que as ditas insculturas non quedaran inéditas pra sempre, xa que a peneda que as contiña foi, asegún nos participa o Dr. Iglesias esnaquizada recentemente polos pedreiros.

Un caso semellante ocurriu hai pouco con algunas das penedas gravuradas de Mogor e pode ocurrir mañán con outras estazóns do rupestre galego, feitos que nos obrigan a chamar a atención das Comisiones de Monumentos e demais sociedades arqueolóxicas de Galiza sobre a comienzo de unha aízon encamifada a pôr a coberto, tan interesantes manifestazóns da arte prehistórica, de atentados como o que agora lamentamos.

**LOCALIZACIÓN.** — Localizábanse estas

insculturas n'un outeiro chamado «O Coto do Corvo» veciño a un cumo onde se asenta un castro conocido pol-o «Castro do Coto de Negros», todo elo perto do lugar de Pini, na parroquia de Cedeira e bisbarra de Redondela.


É a rexión das Rías Baixas singularmente rica en manifestazóns rupestres, que teñen aparecido ata de agora, axuntadas en tres grupos principales: un de iles na ría de Arousa cas estazóns dos Ballotes, Meadeiro, Cespon, Puza ancha e Axeitos; outra nas imedazóns de Pontevedra con fatos de gravuras na Cacira, Poio, Salcedo, Figueiredo, Combarro e Mogor e que se estende pol-o val do Lerez por Xeve, Tenoiro, Sacos e Campo Lameiro e a terceira perto xa do Miño con estazóns en Oia, Vilasuso e Monte de Santa Trega (1). Xeográficamente, as

(1) Véx., pr'a sestazóns que se citan n'ista nota a bibliografía seguinte: Barros Silvela, *Antigüedades de Galicia*, A Coruña, 1873. J. Cabré, *El arte rupestre en España*, Madrid, 1915; *Arte rupestre gallego-portugués*, Lisbon, 1916. *Los grabados rupestres de la Torre de Hércules (La Coruña)*, Revista de Archivos, Biblias y Museos, Xunio, 1915. A. Breuil, *Les petroglyphes d'Irlande*, Revue Archeologique, XIII, 1921. Breuil e Macalís-

insculturas redondelanas de que agora imos ocuparnos, aparecen como unha prolongación meridional do grupo pontevedrés i-estabrean en certo modo un vencello entre el e as estazóns próximas á foz do Miño.

DESCRIPZÓNS E PARALELISMOS.—

Na parte inferior ollábanse unha curiosísima estilización humán meio incruida dentro de un circo e unha serie de cinco óvalos concéntricos c-unha coviña grande no medio, arrodeada por seis mais pequenas, e da que partia un risco radial que se incrinaba cara



As figuras insculturadas, eran cinco (véxase a figura) e aparecían n-unha soia peneda. A parte outa da composición ocupábanse dous sinos sin interpretación posible, un de iles moi imitante ó numeral arábigo 6, e un circo c-unha coviña central e outras seis, ordeadas case simétricamente arredor de

a direita ó traspor a liña do óvalo mais esterno.

De todas istas figuras a que ofrece maior intrés e novedade é a estilización e compre por elo que nos detenhamos unha migra no seu esame. A cabeza háchase representada por unha coviña de forma alongada, por

*ter, A study of the chronology, of bronze age sculpture in Ireland*, P. of the R. Irish Academy, XXXVI, I, 1921. J. F. Gil y Casal, *Sobre la identificación de las insculturas del Monte Morego con la moneda de Cauros*, B. de la R. A. Gallega, número 108, 1916. *Sobre insculturas rupestres en la provincia de Pontevedra*, B. de la R. A. Gallega, números 109 e 108, 1916. *Apuntes Arqueológicos*, B. de la R. Academia de la Historia, volumen LXVIII, 1916. E. Jalhay, *Los grabados rupestres del extremo suroeste de Galicia*, B. C. P. M. de Orense, vol. VIII, número 167, 1926. H. Obermaier, *Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia*, B. C. P. M. de Orense, vol. VII, números 148 e 149, 1923. *Die bronzezeitlichen Felsgravierungen von*

*Nordwestspanien (Galicien)*, I. P. E. K., 1920. S. Portela Pazos, *Insculturas rupestres*, Revista Utrera, núm. 6, 1919. C. de Mergelina, *La necrópolis tartésica de Antequera*, A. y M. de la S. E. de A. E. y Prehistoria, 1922. R. Sobrino, *Insculturas galaicas prerromanas*, Revista Utrera, núms. 5, 6, 7 e 12, 1919. F. Bouza Brag, *Una estación de arte rupestre en la Ría de Arousa*, separata de «Actas y Memorias» de S. E. de A. E. y Prehistoria, 1927. Luis Pericot, *La civilización megalítica catalana y la cultura pirenaica*, Barcelona, 1925. Ruy de Serpa Pinto, *Petroglifos de Sabroso e a arte rupestre en Portugal*, revista NÓS, Xaneiro, 1929. Florentino L. Cuevillas, *Unha inscultura inédita de Tenorio*, B. R. A. Gallega, 1926.

baixo da coal sain dous riscos desiguales, maior o da esquerda que o da direita, que imitan seguramente os brazos. O corpo sinalase por unha liña ligeiramente curvada da que parten dous riscos longos, que pola sua posizón e xeito de caída quizais podan interpretarse como as bandas colgantes de un cinto, rematándose mais abaixo a estilizazón por dous apéndices curvos que figuran as estremidáis inferiores. Dende o terzo superior do corpo e pasando polo remate da esquerda da banda colgante e polo da perna dereita, alcóntrase a figura cinguida por un círculo que presenta incruído precisamente entre os dous apéndices terminaes da mesma outro círculo de pequeno diámetro. Sin que o afirmemos categóricamente coñadamos posibre que o círculo maior, que parez protexer a estilizazón humán deixa a outura do peito, represente un escudo grande como moitos dos que se usaron en épocas prehistóricas e históricas.

Pódese clasificar ista figura, apesar das suas singularidades, entre as representazóns humanas de tipo cruciforme, que se alcontran abondosamente representadas nas artes dolménica e rupestre da Península e de fora de ella, aparecendo ben en forma de sinxelas cruces, potenzadas por veces, ben con crara indicación das estremidáis posteriores na anta galega de Axeitos, na asturiana de Abamia, na catalana de Barranc e nas andaluzas de Soto e de Cueva de Menga e nas estazóns rupestres galegas da Torre de Hércules, Eira dos Mouros, Vilasuso, Oia e Urliñeira; nas portuguesas de Monte Alto e Sabroso (Guimaraes) e Penedas das Guelas e Talisca (Pavia); nas castelás de Cachal del Cristo (Batuellas), Castro (Soria), Orrea (Cuenca), Cabezon de la Sal (Santander) e Campilla de Quintanapoo (Burgos) e na andaluza de Aldeaquemada (Jaén), podéndose citar en rexións non peninsulares os cruciformes de algunha das pedras da Granxa de Vaux (Vendée) e os números de Clounfinlough (Irlanda).

De todas estas estilizazóns as que se paralelan de un xeito mais aprosimado ca do Coto do Corno, son duas que se ollan na Pena do Polvorín (Torre de Hércules) e que aparecen inscritas por completo dentro de

círcos, diferenzándose así e todo de aquela no potenzado dos brazos e da cabeza, na indicación do falo, en ser por completo recto o risco que marca o corpo i-en estar totalmente inscritas dentro dos seus respectivos círcos.

A maneira de estar representada a cabeza na figura que nos ocupa, por unha coviña alongada tamouco e frecuente, sendo os meios mais comuns de representazón, un sinxelo potenzado (Torre de Hércules) ou un círculo (Eira dos Mouros), vénense soio coviñas terminaes nalgún exemplar de Vilasuso e noutros galegos publicados por Obermaier sin indicación de localidade. Como características que persoalizan notadamente a estilizazón do Coto do Corno poden indicarse, a cativa lonxitude dos brazos, a curvatura do corpo, o probabre adorno de cintura e a disposición do círculo que parez protexela e no que se incruie outro círculo moi mais pequeno, sendo en secuencia lexitimo o clasificala como unha variedade nova dentro do tipo cruciforme.

O círculo sinxelo con coviñas no seu interior pertence a unha caste espezal de insculturas, moi enxebremente galegas que comprende unha serie de figuras, círculos, eclipsoides, e outras mais irregulares que abranguen dentro do seu trazo, case sempre pechado, fatos de coviñas e que aparecen ben representados na Caeira (Pontevedra), na Pena da Forneirinha (Campo Lameiro), en Mondariz, nos Ballotes e o Meadelo (Carril), en Mogor e Salcedo (Pontevedra), en Carnés (Vimianzo) e no Outeiro das Laxes (Figueirido) e sempre en compañía de combinazóns circulares, de sinos laberínticos e algunas veces de figuras zoomorfas esquemáticas, anque non por completo estilizadas.

Os óvalos concéntricos, moi característicos tamén do noso rupestre, teñen un dos seus millores paralelos nos dous círculos concéntricos con círculo radial e coviñas no interior que se ollan nunha das penedas do grupo dos Ballotes e presentan vivas semeillanzas cas figuras mais ou menos circulares con apéndices caudais da Laxe da Pena furada, do Lombo da costa, do Outeiro dos Campiños, de Salcedo e de Tenoiro.

OBSERVAZÓNS.—Dividiu Obermaier as insculturas galegas en dous grupos, un mais antigo en que inclui as estilizazóns humanas do tipo da do Coto do Corno, e outro mais moderno no que clasificou as combinazóns circulares semellantes ás que vimos de estudar. Xeneralmente as representazóns correspondentes a cada un dos grupos aparecen sin misturarse entre si, mais nalgúns casos asócianse na mesma peneda e case poderíamos decir que na mesma composición. Tal ocorre na Pena Forneirinha, de Campo Lameiro onde se ven estilizazóns humanas rectangulares xuntas con animais esquemáticos; en Mogor e nos Ballotes, onde os sinos en ferradura están á beira e ata formando corpo con combinazóns de circos i-en Oia, nunha de cuas penedas, figuras do grupo mais moderno óllanse convixuntamente con estilizazóns rectangulares. Un caso análogo ocorre no Coto

do Corno co agrupamento do cruciforme cos circos con covilhas, pertencente o primeiro ó tipo mais antigo de insculturas e os segundos ó mais moderno.

Craro está que estas asociazóns, polo de mais pouco frecuentes, poden apórtase a certas sobrevivencias ou tamén, nalgún caso a coincidencias fortuitas, mais é inegabre que prantean un novo problema na interpretación e cronoloxía do noso rupestre, cuyas fases sucesivas non se dexergan ainda con crarezza, cousa ben esprixible si temos en conta que o seu período de vivencia e de actividade alóngase moito e chega incruso á cultura dos Castros, como o ven amostrar a suástica do Mito insculturada nunha pedra afrorante do Santa Trega.

FLORENTINO L. CUEVILLAS.

Ourense 2 Xaneiro 1929.

## DO SÉCULO XIX UN LATROFACCIOSO

No mes de Sant Yago do 1849 recibía unha autoridade d'Ourense carta reservada dun cabaleiro de Celanova. Poucas liñas dun gran intrés pra unha galería de tipos do século derradeiro. As autoridades militares e civis da Cruña, d'Ourense, de Celanova, perdían o sono cavilando no xeito de pillar ó sonado latrofaccioso Alvarez Romero refuxido en Portugal. Todo pendía das maquinacions dun confidente pois outros medios era perde-lo tempo. A carta escrita con certa emoción di que o famoso espía despoixa de moito andar atopou a Romero nunha casa cerca de Valadares; rexurdíu a antiga amizade e ispiroulle a confianza «que es susceptible de inspirarse al que de todos desconfia». Estaban con Romero trece homes dos que somentes coñecéu a un fogueteiro de Pontedeva; catro d'eles figuraban persoas finas; a un de barba roxa, cadea e reló

d'ouro, con catro aneles, tratabao Romero con moito respeito. Tiñan unha égoa e catro bós caballos; o cabecilla dicía que il non precisaba de mais faco qu'as suas pernas, e qu'eran pra xente da compañía pouco afeita a caminar d'a pé. Dixo tamén que facía pouco estivera na Cañiza e que aíxíña iría a Celanova pra facer tres mortes; a do alcalde e outros dous señores, un d'eles o qu'escribe a carta. O espía coméu, cenou e durmiu c'aquila xentíña e o Romero ó se despediren metéulle na mán 14 reás dicindolle que en poucos días tería novas e que lle procurase pólvora e balas. O espía debía ademais de pol-a paga, de obrar pra satisfacer algunha vinganza pois na carta dise «que le tiene ganas» ó Romero.

Pr'a historia d'iste home, d'abondo sabida, non coidamos ocioso, aportar algúns datos apoiados en documentos auténticos.

Pol-o ano 47 andaba compicado c'os intentos dos montemolinistas que dende Portugal teimaban acender na Galiza a guerra calrista. O 16 de Abril a partida de Romero atacou e roubou a aduana de Ponte-Barxas. Por iste «desagradable suceso» o comandante militar d'Ourense salfu pr'a Entrimo; oficiou ó xefe da Guardia Civil pra que c'a sua coluna e a de Padrenda estiveran en Entrimo ás duas da noite do 23. Pol-o plan combinado en Celanova o dia 20 entr'o comandante, os Xefes políticos e o Brigadier Fuentes Pita comandante da linea do centro da fronteira (vixilada en tod'a estenseón por mór dos preparos dos calristas e pol-as alteraciós de Portugal), era entrar en Portugal, cumplindo disposiciós do Goberno, pra copar ás partidas. O Comandante militar con catro compañías de Borbón, cincuenta guardias civiles e 18 cabalos, entrou en Portugal polos pobos de Pereyras e Merce ás seis da mañán do 23, chegando a Castro-Leboreyro e Alcobazas onde se xuntaron c'a outra columna mandada pol'o brigadier Fuentes que entrara por S. Gregorio. Non atoparan nada e volveron todos por San Gregorio á tardíña deixando ás autoridás portuguesas ó coñado de vixilar. O cabecilla Calixto García non xuntando forzas marchárase ó Porto, namentres os partidarios con Fraga e os dous Tapiasadicábanse a roubar nos pobos fronteirizos. De Romero dicfase que acougaba no santuario da Peneda; unha partida de civiles mandada pol-o comandante de Celanova reconecéu o santuario na mañán do mesmo dia sin atopar rastro. As forzas voltaron a vixilar a fronteira.

A favor da inquietude producida polos movementos progresistas do 48 as xentes do Romero seguiron campando polos seus respetos, apoiados por moita xente de todas as classes. Debeu medrar o prestixio moral do seu xefe d'un modo enorme. O 21 de Abril do 49 ás nove da noite ó mando de dazaoito ou vinte homes sorprendéu o pobo de Pontedeva collendo a catorce soldados qu'estaban aloxados en diferentes casas: o oficial con sete soldados pechados n'outra casa non s'astreveu a pelejar. Un dos latrofacciosos levaba o traxe d'un carabineiro asasinado facia poucos días. Romero puxo

en libertade os soldados despoixa de grandes ofrecimentos si o seguían, e ó dia seguinte, ás once e media da mañá, cairon sobre Portela collendo a sete carabineiros e levándose as fornitures. O comandante militar estránase de que estando en casa fuerte non se defenderan nin se diran conta das barbas e pelo largos dos facciosos que levaban os uniformes en Pontedeva. O comandante militar desesperábase do «escandaloso retardo de las comunicaciones: las columnas llegan a donde acaban de cometerse las fechorías y a la ventura — no hallan tan solo quien les confie sino quien les indique ni nada conteste». Ás sete da mañán do 24, a unha legua de Celanova ond'estaba o Comandante militar roubaron e feriron ó abade de Poulo e algúns veciños. Un paisano negouse a levar o parte do alcalde. Nos días seguintes operaron tres columnas de tropa e guardia civil en combinación c'outra volante portuguesa que operaba pol-a raya dende Castro Leboreyro a San Gregorio. Os xefes tiñan recomendación d'aloxarse con toda a forza xunta en casas de boa defensa. Traballaban os espías: a Castro Leboreyro foi un tal Soto que por certo, según un oficio das autoridás españolas ás portuguesas, levaba sombreiro calañés. Por fin nas audiós do 3 e 4 de Mayo foi meio desfeita a partida facéndose algúns afusilamentos. Mais Romero meteu en Portugal. Volta o confidente. No 15 de San Xohan escribe unha outa autoridade da Cruña «apruebo el ofrecimiento de 4.000 reales hecho al confidente». O 25 de Sant-Iago aconsella «que no se desista de la empresa» e que «el consabido (o espía) tenga fé en nuestras promesas». O 3 de Abril do 50 manda que se lle pague unha onza d'ouro cada mes e «no mas porque se duermen ganando tan sin trabajo». Os poucos días foi preso Romero e fixose a estradición sendo levado á Cruña e xuzgado militarmente. As autoridás locales pediron que a execución se fixera en Celanova. Romero, en mula, con boa escolta e acompañado pol-o verdugo, saliu da Cruña na madrugada do 8 de San Xohan; dende Sant-Iago levado en litera pois «va mas seguro e se evita el oleaje de gente curiosa». Moltiplicouse a vixilancia: o tablado debía estar

disposto o dia 12. Poucas veces se viu tanta xente en Celanova; ainda hai velllos qu'a lembran. Romero estivo sereo e forte: segun algunhas versiós falou arrepentido poñendo seu caso como exemplo, e dixo qu'il roubara de neno unhas agullas e desd'entón foi caendo no vicio. Os gastos da execución rubiron a 1.561 reás. Os feitos de Romero e o

roubo das Médulas apaixoban ó púbrico moito mais que a loita dos partidos politicos. Pra chegar ó coñecemento da historia psicolóxica da nosa Terra compre xuntar todolos feitos miudos mais eispresivos qu'os acugulados nas historias xenerales.

R. OTERO PEDRAYO.

## AS INDUSTRIAS LÍTICAS d'A GUARDIA

### NOVAS ESTAZÓN S

por MANUEL F. COSTAS

A Guardia é hastra hoxe, pol-o número das suas estazóns e pol-a cuantía do material lítico que conteñen, o mais importante centro da civilización chamada *Asturiense*.

Os achádegos de seixos lascados repitense por todas partes i-alcanzan proporzóns insospitadas.

A primeira estazón foi descuberta pol-o P. Cruz, do Colexo de Jesuitas de Camposancos i-estudada pol-o distinguido arqueólogo portugués Joaquín Fontes en Setembro de 1924 (1).

Está situado no lugar de Sáa, termo d'A Guardia n-unha corredera que vai da estrada d'A Guardia ó Pasaxe, á estrada de Camposancos. (fig. 1.<sup>a</sup>)

O Sr. Fontes considera o utilaxe recollido *cheleo-acheulense*, pol-a sua semellanza co-as pezas d'estes niveis do paleolítico inferior, e supon que algunha tribu viviu ali no caternario antigo e seus utensilios foron enterrados nos aluvións do Miño. (2)

Sin atrevernos a sentar afirmazóns sobre tal extremo, porque carecemos de autoridade e de competencia, cómpreme, non embargantes, manifestar que os utensilios descri-

tos pol-o Dr. Fontes óllanse repetidos, en maior ou menor proporción, en todalas estazóns d'A Guardia, as que hastra agora están calificadas de *Asturienses* pol-a morfoloxía dos seus tipos.

Isto obríganos a coidar que a estazón de Sáa é unha estazón mais *Asturiense*, ó ar libre, ou baixo unha moderna capa de terra vexetal, pois de estar nas terrazas do *Caternario*, como supón o ilustre autor de «O homen fósil en Portugal» había que admitir duas civilizazóns separadas pol-o inmenso espazo da edade caternaria, e conservando identidade na sua tipoloxía.

Percisamente antrás pezas más abundosas n-ista suposta industria *cheleense* están os *cups-de-poing* como os representados nas figuras 1, 5 e 9 do citado traballo, verdadeiros machados de mán, moi abundosas, á sua vez, na citania do Trega, pois a mais das moitas ali recollidas que se conservan no interesante museu que n'A Guardia ten a nunca ben gabada sociedade «Pro Monte», quedan sin recoller unha gran cantidade d-elas que se poden ver dentro e fora das casotas circulares, nos camiños da citania e inda en lugares onde non chegaron as escavazóns.

Isto demostra a sua coexistenza co *post-hallstattico* romanizado do Trega, onde, entre outros usos, poido ter o de labrar as pe-

(1) «Fontes—Estación paleolítica de Camposancos» Brotería volume 1.—Fasc. 1.—1925. Traducida ó castelán por J. Domínguez Fontela.—Número 160 do Boletín da Comisión de Monumentos de Ourense, ano 1925.

(2) «Fontes—Id. id. pix. 9.




Fig. 17

- |                          |                    |
|--------------------------|--------------------|
| ① Lugar de Saa (Hostos)  | ⑥ Aldramáns        |
| ② Os Muíños (P. Gallego) | ⑦ Morea            |
| ③ Area Grande            | ⑧ Calarea da Silva |
| ④ Pedreira               | ⑨ Soto Camiñas     |
| ⑤ Casa do Baño           | ⑩ Hospital         |

dras, como supón con fundamento o culto prehistóriador guardés D. Xulián López. (1)

Non hai duda que a talla d'istas pedras é moi primitiva e a sua técnica lembra a do *cheleo-achenlense*, mais ante os feitos non vexo o medio d'armonizar as duas opiniós.

O ilustre arqueólogo P. Eugenio Jalhay do Colexo de Camposancos (2) débese o coñecemento d'outra estazón, n'un camiño que leva ó castro de Cividáns, chamado «Sete Camiños»; (fig. 1) e iste mesmo infatigable investigador describiu (3) a mais importante estazón do *Asturiense* hastra ali conocida, que foi descoberta na beiramar d'A Guardia, no lugar dos Muíños, pol-o P. Luisier da Compañía de Jesús.

O material lítico suministrado supera, en número de pezas ó da estazón de Ancora, tan maxistralmente estudiada pol-o arqueólogo portugués Sr. Serpa Pinto. (4)

O P. Jalhay localiza ista estazón no espazo de costas comprendido antre as puntas de Maxaracas e S. Sebastián, o que lle fai matinar un campamento ali establecido, ou nas veciñanzas, mais nós que recorrimos de vagar os alredores d'A Guardia, verificamos que non se trata d'un depósito, sinón d'un taller que se estende por toda a beiramar hastra onde chegaron nosas pesquisas, pois en todas partes onde hai seixos, hai material lítico.

O home *Asturiense* viviu, pois, todo ó longo das costas (ó menos das costas hastra hoxe esploradas), alimentándose de peixes e mariscos, édeixou n-elas o rastro do seu paso.

### AS NOVAS ESTAZÓN

Consecoente co-iste criterio e matinando que onde houbese seixos de coarcita tiña de haber utilaxe *asturiense*, dirixinme este

(1) Julián López—«La cataria de Santa Tecla», ano 1927.

(2) P. Eugenio Jalhay—«El Asturiense en Galicia»—Número 165 do Boletín da Comisión provincial de Monumentos de Ourense.

(3) Id. id.—«Estación Asturiense de La Guardia». Brotería Fascículo II de 1928.

(4) R. de Serpa Pinto—«O Asturiense en Portugal». Separata do Fascículo I Vol. IV dos «Trabajos da Sociedad portuguesa de Antropología e Etnología».

Os Jesuítas do Colexo de Camposancos teñen no seu Museo ó redor de 300 pezas procedentes da estazón dos Muíños; no Museo de Pro Monte contei hastra 117; foron recollidos éstas vrán con destino a museus e coleccións particulares unha boa cantidade d'instrumentos, e inda quedan moitos sin recoller, amais que gran parte d-eles rolados pol-o mar.

vrán á praia de *Area Grande*, na Guardia, que é un inmenso seixal, e non foron defraudados os meus cálculos.

Allí estaba o mais grande depósito hastra hoxe conocido de seixos lascados.

*Area Grande* é unha ensenada situada mais de dous Kms. ó N. d'A Guardia, que forma unha estesa praia, moi frecuentada no verán. A parte mais próxima ó mar é un areal de areas grosas que lle deu nome. A seguir ven unha camada de seixos que se estende todo ó longo da praia c-unha anchura de 4 a 6 metros e un espesor variable.

Ista enorme cantidá de seixos contén un número incalculable de úteis tallados pol-o home, ben que gran parte d-iles están inutilizados ou rolados pol-o contínuo movimiento do mar.

Non é doadoo calcular o número de pezas que hai n-ista estazón nin fixar o seu porcentaxe, porque non é tarefa d-un home nin d-un dia.

Os uteis, moi variados, consisten en *picos*, *raspadores*, *fendedores*, *percutores*, *poutadores* (pesos de rede) e outras pezas de formas indefinidas que parecen mais ben de construción defectuosa.

A mais de ista gran estazón, achamos outras varias en diversos lugares da costa, non señalados hastra agora, o que fai d-ista bisbarra un grande centro industrial do *Asturiense*.

As mais importantes son: *Fedorento* (Véxase pra todas a fig. 1); *Matadeiro* que se estende dende o Matadeiro hastra a Casa de baños, a seguir da estazón dos Muíños do P. Jalhay. *Aldramán* con pouco utilaxe; dominan as *poutadas* pra redes e pra liña. Aquí atopei un interesante raspador discoidal, hoxe no museu de Pro Monte (fig. 13).

Na *Ribeira* hai algúns material, mais moi averiado pol-o mar e pol-as *gamelas* (barcos sin quilla) que todolos días retiran do mar os pescadores rolando pol-os pelouros.

Na *Morea* hai *poutadas* e raspadores.

A *Cetárea de Silva* é unha estazón curiosa; apenas aparez outro utilaxe que *machados de abano* (1) que son os mesmos *coupes*

(1) Coido que o sabio P. Jalhay chama así—*machados de abano*—istos instrumentos, nome que me parece o mais apropiado.

*de poing* de Fontes. Ali contei hastra 30 machados todos grandes i-algúns d-un peso aprosimado de dous kilogramos.

Non seguin miñas investigazóns mais ó Sul. Pol-o Norte non pasei d'Área Grande, mais un día baixei á beiramar perto de Portucelos—onde o P. Jalhay xa siñalara achadegos (1) — i-atopei algún material cativo. Non poiden seguir buscando porque na estrada estaban á miña espera, i-o sol xa se

(1) E. Jalhay.—«A Estación Asturiense de La Guardia»—Broteria, tomo II, 1928.

## NÓS

tiña posto. Abondaba asegurarme que o material lítico seguía por toda costa brava. Convén adevertir que eu inda non conocía o dito traballo do P. Jalhay.

Despoisachei pedras lascadas perto de Salcidos. Na estrada do Pasaxe (xa o indico o Sr. Fontes) (1) hai-nas abundantes ás duas beiras.

(Continuar).

(1) Fontes.—Obra e traballo citado.

## Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

### ROMANCE

Érase a filla d-un Rei  
moi devota de María  
que tres Rosarios rezaba  
e todos tres cada dia.  
O primeiro de mañán  
o segundo tras comida  
o terceiro pol-a noite  
cando todos xa dormian.  
Rezando estaba unha ves  
chégase a Madre diviña  
e dille: ¿Qué fás devota?  
¿que estás facendo infantina?  
—Señora rezo o Rosario  
da nosa Reina diviña.  
—Infanta vente conmigo  
a unha longa romaría  
—Antes licencia pedir  
vou a quien lle débo a vida.  
Marchouse de sala en sala  
e de cociña en cociña  
hasta a cámara mais alta  
por onde o bon Rei dormia.  
—Esperte, meu pai, lle dixo  
que trayo grande noticia  
pois dentro d-este palacio  
espera a Reina diviña  
e quere vaya con ela  
a unha longa romaría.  
—Entonces os meus palacios  
pra min soilo sobrarian.  
—Os probes darlos, señor,  
En ben llo consellaria.

Por te levar quen te leva  
vaite con Dios miña filla.

Fórone ó monte Calvario  
onde Cristo tal sofrira  
ond'a cobra asubiaba  
e a serpente respondía.  
Ó que chegaron ali  
dixo a Señora diviña  
—Infanta aquí pasarás  
sete anos mais un dia;  
mandareiche por un anxel  
a fartura que cumprira  
e por a branquiña pomba  
moi cobizada bebida.  
Así que pasou o tempo  
volveu a Virxe María  
e preguntouelle surrindo  
—¿Como, che foi, miña amiga?  
—Foime ben, gracias a Dios  
e á Reina que me sostiña.  
—Tres estadiños ch'ofrezo  
de todos a milloría.  
Se queres o de casada  
marido tés enseguida.  
Se queres entrar de monxa  
convento che busco axiña.  
Se queres rubir ó ceo  
a man che dará María.  
—Casada non quero ser  
nin en convento acollida.  
Eu quero rubir ó ceo  
que non vexo millor vida.

Tocan as campás, bon Rei  
e ben tocan de alegria  
por aquela vosa infanta  
que para o Ceo camifa.

NOTA.—No mes de San Xoán de 1898 o ilustre Alfredo Brañas recollítaba materiais pra unha Historia da Literatura Galega que había ter de seis a sete volumes de 400 páxinas cada un, escomenzando pol-a época céltica. En carta a Marcial Vila das capófia o seu pensamento, e pedíalle o favorecemento to-

mándolle todo canto tivese a máis referente á Ulla. Vila das capófia xa vello de 77 anos, mais traballador de cote e cheo de vontade mandoulle a Alfredo Brañas un feixe de notas, anotacións que está o Romance que agora se publica e que non sabemos si ainda está inédito.

Qué foi de todo o material que Brañas debeu xantar e pra o que se valeu dos Párracos, maestros, etc.?

O Romance foi recollido d'unha labrega de Moaña (Silleda) que ainda fai poucos anos morreu. De xeito popular vese n-el a mestura erudita e sobre de todo a influencia eclesiástica tan do noso arte popular.

A. Lousada Diéguez.

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### BANQUETE Ó RISCO.

N'OURENSE celebrouse un banquete en honra de Vicente Risco polo seu ingreso na Academia Galega e a publicación do ademirabre libro «Metodología de la Historia» qu'está sendo cada dia mais apreciado nos circos universitarios e intelectuais. Xuntáronse moitos amigos e admiradores do noso Vicente, persoas de todal as opiniões e partidos desexosas de testimoniaren a sua simpatía ó noso Director, e recibíronse gran número de cartas e telegramas. D. Xoaquín Nuñez de Couto ofreceu o agasallo elocuentemente. Blanco Amor leu unhas ademirabres coartillas de fonda emoción e belida forma evocando entr'outras cousas atinadas a influencia fundamental de Vicente Risco nas rutas da mocidade e no rexurdimento de Galiza, e Antonio García uns inxeniosos versos recibidos con aplausos. Risco diu as gracias en verbas sínxelas e sentidas. O comedor do Hotel de Roma sentiu decorrer algunas horas da incomparábel alegria ourensán.

### SEMANA PORTUGUESA EN GALIZA.

PERCORRERON Galiza, acollidos en todos lados co-a meirande cordialidade e entusiasmo, os enviados do *Diario de Notícias* de Lisboa, Sres. Antonio Ferro, Alfredo Pedro Guisado, Guerra Pais e Carrera, pra organizar a Semana Portuguesa que se ha facer pra o mes de Setembro que ven.

Antonio Ferro, director da Sezión portuguesa de *La Gaceta Literaria* de Madrid, é un dos mais coñecidos entre os escritores que en Portugal sosteñen o movemento de modernidade literaria e artística, e un dos que levan por novos vieiros o journalismo portugués. Alfredo Pedro Guisado, galego d'ascendencia é o ben coñecido autor dun libro de versos na nosa fala: *Xente da aldea*.

Guerra Pais dirixiu a revista *Arte Peninsular*, publicación ilustrada hispano-portuguesa. Carrera é un galego que hai tempo vive en Lisboa, adicado a empresas de intertroque e espallamento editorial e xornalistico.

Estiveron os distintos viaxeiros en Vigo, Santiago e a Cruña, onde deron intresantes conferencias e deixaron constituidos comités pra a organización da Semana Portuguesa, integrados por representantes da imprensa, da intelectualidade, do comercio e do elemento oficial.

De volta, Ferro, Guerra Pais e Carrera estiveron unha hora n'Ourense, onde os directivos de NÓS tiveron o pracer de parolar un pouco co-iles, ofercéndolles toda a sua antusiasmática axuda, e deixando tamén un comité constituido.

Prácenos moito salientar iste feito, e sinalarmos o bó camiño que leva a fermosa idea do *Diario de Notícias*, a quen NÓS reitera eiqui un garimoso saúdo.

### HOMAXE A XAVIER PRADO.

CELEBROUSE n'Ourense o organizado polo Coro «De Ruada»: un xantar con mais de cen asistentes no xardín do Hospital novo, con moito antusiasmo e moitos brindis, cantándose ao final o Himno galego. Manifestouse asina a admiración e cariño que os seus paisanos teñen ao noso benquerido amigo e colaborador.

### UN NOVO TRABALLO DE D. MARCELO MACÍAS.

O *Boletín de la Real Academia Española* correspondente ó Febreiro d'iste ano, publica un notable estudio filolóxico do insigne mestre D. Marcelo Macías. Trata d'unha escritura do ano 938 otorgada polos condes D. Gutierre e doña Iduara confirmada polos seu fillo San Rosendo e gardado no Arquivo da Catedral d'Ourense. D. Marcelo conside-

ra dita escritura «como la más importante de las hoy conocidas en España, para documentar nuestro romance preliterario» estudiando entre os seus vulgarismos os casos de sonorización, os nomes propios (14) rematados en *u* e as formas de vacilación vocálica tan caraterísticos do galego. NÓS comprácese en adicar a D. Marcelo seu tributo d'admiración e respeito.

#### NOTAS DE PORTUGAL.

**A** Academia das Ciencias de Lisboa, que iste ano vai celebrar o cumprir século e meio de vida, proponse tamén intensificar a sua laboura, continuando as suas ediciones, entre elas as de *Inéditos da Historia Portuguesa*, *Documentos das Chancelarias reais* e dos *Portugalae Monumenta historica*, elaborando un *Dicionario da Lingua Portuguesa* e reimprimiendo as obras do cosmógrafo Pedro Nunes.

—  
**G**RACIAS aos esforzos do Dr. Rodrigo de Sá Nogueira, vaise publicar unha revista filolóxica: *A lingua portuguesa*, de fascículos mensuás de a 32 páginas pol-o menos.

—  
**L**IBROS a sair: Raul Proença, *Para um Evangelho duma Accção idealista no Mundo real*; Luis Simões Raposo, *Reflexões sobre a Universidade de Évora*; João Lúcio de Azevedo, *Épocas de Portugal económico*; Brito Camacho, *Contos*; Ladislau Batalha, *Contos íntimos*; Afonso do Paço, *Cartas das Madrinhas de Guerra*; Vieira de Almeida, *Bel*; Severo Portela, *Romances religiosos da Beira*; Antonio Sergio, *Ensayos* (2.º vol.).

—  
**L**IBROS novos: Antero de Figueiredo, *O Ultimo olhar de Jesus* (novela); Visconde de Vila Moura, *Entré Mortos* (novela).

—  
**O** *Diario de Notícias* de Lisboa, que tanta campaña ven facendo a prol da Semán Portuguesa en Gallza, adicou un número extraordinario da sua edición semanal ilustrada, á colonia galega de Lisboa.

Antre os moitos retratos que trai de personalidades da dita colonia ou de destacados portugueses fillos de galegos, atopamos os

#### NÓS

do pintor Vellozo Salgado, e dos nosos amigos o poeta Alfredo Pedro Guisado e o pintor Varela Aldemira.

Artigos de Alejo Carrera, Feliciano Santos; versos de Martínez Salazar, Marqués de Figueroa, Rosalía Castro, Curros Enríquez, Alfredo Pedro Guisado, Ramón Cabanillas; vistas de Santiago e a Cruña.

#### LETRAS D'AFORA

##### TAINÉ E MAUROIS

**M**ONTESQUIEU, Voltaire, Chateaubriand descobriron cada un unha Inglaterra. H. Taine (1861 e 1871) sinalaba ouxetivamente: unha constitución liberal que chama á política total-as persoalidades superiores, a forte educación do carácter e unha masa incomparábel, de riqueza. A. Maurois sempre foi curioso da realidade ingresa. Escribiu «Os Silenzios do coronel Brambley» a vida de Shelley, e outros libros criados no trato e na espresión do espírito británico. No colexio da Trinity de Cambridge o decano bendecía a mesa. Iste decano era sir Joseph Thompson un dos grandes guías da cencia moderna. A Maurois encantáballe o ritmo antergo e assegurado do vivir, os grandes arboredos centenarios, a confianza e a solidade. Agora veu do Surrey e de Londres un pouquichinho tristeiro. Somentes na superficie. Vendérone moitos pazos antergos pra almacés, hai greas de folgistas, e unha mocedad que xa dubida do carácter representado por Kipling. A luta pol-o primado económico, a organización dos Dominions, o terceiro partido laborista, son crisis perigosas. Mais tamén é certo que Mac Donald falaba emozionado da saúde de El Rei, que a riqueza está mellor repartida e toda a mocedad traballa, que os homes de Estado ainda disponen de verdecentes e socegados parques prás vacacíos, que Kipling di dos novos anarquizantes: «está ben qu'os mozos s'atopen a si mesmos». Ainda se pode beber un vasinho de Porto pol-a solidade do xenio inglés.

##### O MELRO NO POMAR.

**O** merlo viste fatelo mouro de *clerc* e com'um Renán fuxido do Seminario canta cás primeiras follateiras novas. Namens-tral-as ponlas seguian indiferentes e núas baixo o sol do Febreiro, o melro andaba a saltiños, esculcando e agardando. Agora na yalba mollada canta a esperanza das pereiras frolescidas. Xa o cuco ensaiou seu óboe de Weber nas quebradas fondas e o reisefol quere embarcar seu canto na barca portu-

guesa dos cónos do crecente de Marzal. N'hai literatura vital sin paxaros que animen na frouma dos versos ou boten sobr'a prosas un tremor d'azas fuxitivas. Todo Rousseau está na anduríña das «*Charmettes*». Berlin fixose ibseniano por ollar os ánades do norte—sol da meia noite verde do mar de Nordes Riöld, deslumamento de icebergs—nos lagos do Tiergarten. Entr'a cidades do sul foi a Barcelona de Maragall e Rusiñol a que ofreceu unha rua ós paxaros. Mr. Jacques Delamain pasou moitos días no bosque francés de Gardépée estudiando a socioloxía dos Aires. Quizais discípulo de Mr. Tardé, deixa toda sistemática da escola e quer saber «Pourquoi les oiseaux chantent». Mr. Jacques Delamain telegrafía as emigracións dos paxaros aos grandes diarios de Londres. Ouserva como o artista morre c'o espírito de rebaño poil-o pinzon—amigo da montaña de Ribas de Sil—soilo canta despois de separarse da banda dos compañeiros. O combate imperial dos machos váise facendo un rito e xa non é sanguento como n'outro tempo. Prantea sin pre ensiños a dimensión *tempo* no vivir das tribus azadas. Un fermoso libro pra ler, ós anaquitos, no xardín do pazo. Un libro parente d'os que outro home bó e campesio, Fabre, adicou ós irmans inseitos.

#### POL-O VELLO SOUTO EUROPEO.

**S**EMPRE teñen novidade os grandes árbores do pensamento. Hasta ás veces descubrense nos castilleiros mais amados follatos novos. Pubricáronse n'estes meses algúns inéditos. Un, de Goethe. Son páxinas sobr'a natureza nas que asegún o propio Goethe iniciase—«unha especie de panteísmo que quixera inspirar ós fenómenos do Universo pola presenza d'un ser descrecible, absoluto, que se contradí a si mesmo con humor e cuia aitividade podería figurar sómente un xogo a quem fixera d'ela un grave ouxeto de conocimentos». Citaremos sómente tres aforismos.

«No seu cumbe puxo ó amor. Soilo se deixa achegar pol-o amor. Pón abismos entre todol os seres e todol os seres quérense xuntar. Isolouno todo pra xuntalo todo. Cuns poucos tragos da copa do amor recompensa as doores d'unha vida enteira».

«Ela tróuxome; ela me dirá a saída. Entrégome a ela. Que me garde no seu poder. Ella non condenará a sua obra. Eu non falei d'ela. Non, poil-a verdade e a mentira foron pronunciadas por ella mesma. Pra ella tod'a culpa e tod'a gloria». Goethe referíndose a istas palabras hasta agora non publicadas dí n'unha carta:—«O compreimento é a idea

dos doulos principios motores da Natureza: polaridade e intensificación, apricábeles os doulos á materia asegún a consideramos baixo o ángulo da sua materialidade ou da sua espirtoalidade. No primeiro caso ela non é mais que atraición e repulsión; no segundo é constante atração car'a outra causa mais outa. Mais com'a materia non pode existir nin obrar sin espirto, coma tampouco o espirto sin a materia, a materia é tamén capaz d'un grado maior d'intensidade e o espirto non deixa d'exercer unha atraición e unha repulsión; paralelamente, aquil soilo pode pensar, pois separou pra xuntar, e xunta d'abondo pra de novo poder separar». Outro enorme europeo, Diderot, voltará a moda c'a saída das cartas qu'escribiu á mulher amada, Sofia Volland. Axudarán, sin dúbida, a comprenderse aquil vivir inquieto, sempre curioso e apaixonado e a obra múltiple distante da disciplinada especialidade. Hoxe, o filósofo ideal precisaría chegar ós cento corenta anos—privilexio cicáis soilo reservado a algún turco sensoal—pra establecer ideas xenerales despoixa d'un fondo coñecemento das ciencias—isa Física que tod'o mais saben dúa e meia d'europeos—A. N. R. F. publica unha das cartas: francés sólido e rabelesiano cando marmura cousas de salón; un grande amor d'home maduro, moita gala d'amizades. Foi a época dos templos á amizade: redondos, columata, sentenza platónica. Os homes de letras eran xa un partido. — «Grim é tan desgrazado com'as pedras. Afoga sua dor no curaçón. Perde a saúde. Vaise volvendo ceguío... Chegou ó campo da Briche (*cher M.<sup>a</sup> d'Epinay*): con que lediza nos abrazamos. Eu biquei, non teñades celos, sí, coma si foran os vosos, eu biquei cen veces istes ollos tan fermosos n'os qu'eu atopaba dinantes a verididade do ceo, e que aixiña morrerán». Cumple leer estas cartas paralelamente a algunas páxinas das «*Confesiós*» unha serrán mollada do Abril, na casa, con moitos folgos pra pensar un tempo d'orixes da sensibilidade moderna.

#### O TRUNFO DA XEOMETRÍA.

**L**uc Durtain escribe a sua curta novela rusa, Millor, un sufincio pra eisaltar puntos de vista. O héroe, un rico—despoixa purificado pola revolución—fai a pelerinaxe de Exipto. As pirámides, os obeliscos, etcétera fálle sentir a presenza do «home moderno, ativo e lóxico... xa o principio d'ista civilización occidental, tan confiada». A mesma ideia de Wöringer: nada de misterio; Egito os E. E. U. U. da Antigüidade. Mais o deserto sempre foi mal conselleiro. Esquematiza demasiado. E agora parece

que n'outro tempo, o tempo do Rey Serpente, o deserto d'hoje era torrón ben amolecido pol-as chuvas, con verdes fondas de arboredos e colleitas. Preto do oasis de Kufra os eisproradores estudaron un cocodrilo nilótico, pequenio e dexenerado, cheo de sabencia e d'un aspeuto tan literario como a Atlantida de Pierre Benoit.

#### PSICOLOXÍA E METAFÍSICA.

**I**STE libro «*Les puissances de l'abstraction*» de F. Paulhau, honra a nova filosofía francesa. Non se contenta con especializar

na psicoloxía: tira d'ela eispricacions do mundo. Entre moitas unha fermosa teoría da obra de arte: non é somentes unidade formal sinón unha totalidade de conteúdo no que a vida soilo proporciona fragmentos, pondo o espírito toda a virtualidade. Teoría parella da esposta por Ramuz nos «*Remarques*» (4 caderno): o novelista difícil dí que na obra d'arte n'hai dificuldades de natureza, nin de elaboración e preparación. Soilo valen as cousas que viven no espírito do autor. Cand'un autor fala das dificultades vencidas pódese pensar que é un autor que deixou de sélo.

### LIBROS

#### ELEMENTOS DE METODOLOGÍA DE LA HISTORIA

por VICENTE RISCO, un volume de 238 páxinas e un epílogo, A Cruña, NÓS 1928

Non somos nós os chamados a facer a critica do libro derradeiro de Risco. Il sojlo, váise abrindo camiño en todolos circos culturais interesados nos probremas da Historia; il soilo, ceibe polo mundo dí quen é.

Unha grande parte da laboura profesional do autor, e as suas fortes meditacions encollido tema organizanxe n'iste libro onde n'hai liña que non conteña unha enseñanza. Preciso, enteirado, vigoroso, certeiro, sin entrripados de pallabarro nin xeneralizacions inuteis, o libro de Risco podería ser, escrito en alemán un admirabre «Grundris» da materia, escrito polo Risco, tén, ademais, un sintético desenrollo de moitos probremas que fuxen da sinxeleza do tido. O autor non se reduce a escoller e artellar, sinón que recreando a materia prestalle o valor da personalidade esperimentada e orixinal.

Querendo ser un libro d'enseñanza prós estudiantes das normales será aixiña un libro de cabecera pra todalos castros d'estudiosos. Pois ademais de ensinar con tino, preciseon, modernidade e outa concencia escrupulosa,

franquea moitas portas ó pensamento e a investigación. Será por moitos anos un libro crásico na enseñanza. Os estudiantes da Universidade poden confiar n'il coma n'un mestre seguro. Todolos leitores atoparán, uns inicacións espertadoras de vocacións, outros confirmacións e renovación dos seus puntos de vista, todos un amigo e un compañeiro ó que é preciso acodir pois aforra a precura de mil cousas dispersas en outros libros i-en poucas tan completamente tratadas. Non dicimos outra palabra d'il pois pra criticalo coma merece somentes hai un camiño: citar todolos capítulos e dar unha idea d'eles, cousas que nin quer a modestía do autor nin o consinte o espacio.

O libro limpamente editado por NÓS, con formato e tipo europeo vai proclamando por todolos escaparates da terra e de fora d'ela a maxistral valor do Risco. Embora á intelectualidade e pr'o autor unha aperta de todo corazón.

R. O. P.



EL PAZO DE LEBRE, por ALVARO DE LAS CASAS, Madrid, C.<sup>a</sup> Ibero-Americanica de Publicaciones, 1929.

**A**LVARO de las Casas é un home d'unha actividad pouco común. Non somentes dirixe con acerto a Biblioteca de Estudios Gallegos, que pubrica a «Compañía ibero-americana de publicaciones», e que ven de sacar o seu terceiro volume, do que no seu día nos ocuparemos, senón que ademais do labor docente, ainda lle queda tempo pra escribir libros que visten un atrás do outro, con poucos intervalos, e sobre ben variados asuntos. Dos derradeiros, *Dos días en Orense* e *Antología de la lírica gallega*, xa teñen coñecencia os lectores de *NÓS*. Agora é unha novela o que nos ofrece: *El pazo de Lebre*, e non ha tardar moito en sair, na editorial *NÓS* unha obra de teatro poético: *A morte de Lord Stailler*.

*El pazo de Lebre* é unha novela de acción, na que se evoca a vida de Galiza, de España e de Portugal a mediados do século XIX. Relátase nela, con gran variedade de esceas e de ambientes, pintados e descritos cunha particular estilizazón o tráxico fado d'un fidalgo galego, Don Fernando de Sotomayor, a quen un drama familiar desfai a vida, deixa entón adicada á azarosa politeca da España d'aquel tempo, na que todos eran trunfos pra il, naméntras o seu pai, retirado nun vello pazo da montaña d'Ourense, adica seu esforzo a sostener o rango e a honra da casa, cuias tradicións venera con culto de verdadeiro señor.

Ademais d'esta historia, referida con sobria intensidade, hai na novela de Alvaro de las Casas o interés pintoresco dos viaxes, das esceas, da intervención de moitos persoaxes coñecidos da politeca, das letras e da sociedade d'aquel tempo, o qual todo está tratado nun estilo familiar e corrente, que fai a novela accesible a toda clase de lectores.

MONIFATES (teatro), FARSADAS (teatro) COXEGAS E MOXETES, por XAVIER PRADO (LAMEIRO), Ourense, 1928.

**U**NHA colección das obras de teatro de Xavier Prado era cousa que todos agardabamos. A demanda d'elas era grande; onde queira que un agrupamento d'afeiçoados á escea quería facer algo de teatro galego, o pirmeiro que buscaba era de cote unha obra do Lameiro. E as obras do Lameiro, despois de percorreren trunfalmente os teatros de Galiza e moitos d'afora, ficaban inéditas ou circulaban en copias manuscritas. Agora por fin, xa as temos imprimidas en dous volumes de mais de duascentas páxinas cada un.

O primeiro, *Monifates*, contén: *Almas*

*sinxelas*, *Tratos*, *Luis de Castromoura*, *A retirada de Napoleón*, *Todo ten goberno*, *Un home de sorte* e *O cego d'a Xestosa*. No segundo, *Farsadas*, atopamos: *Os trasacordos de Mingos*, *Soledá*, *Vida Vilenga*, *Marta*, *N-a corredera*, *Estebiño* e *Marzadas*. Obras humorísticas, obras satíricas, obras sentimentais, todas elas ouservadas na realidade da vida, c'un don especial que ten o Lameiro pra ver as cousas qu'il quer ouservar. As preciosas calidades de realismo, humorismo fino, fonda coñecencia da psicoloxía labrega, da expresión aldeán, da lingua e dos seus recursos, a bondadosa comprensión do pobo, a gracia natural, o doce sentimento que fan do Xavier Prado o noso millor escritor costumbrista d'hoxe en día, áchanse ainda avaliadas, cando escribe pr'o teatro, pol-o ben que se decata das posibilidades actuales da escea galega e o ben que se sabe adaptar a elas. O Lameiro pensa que «non pode haber mais teatro netamente galego que o teatro do agro y-o histórico», cousa que —apesares de seren tamén os caminos que leva o teatro irlandés moderno—pode ser discutida, mais que algo de razón debe ter, próbanlo os éxitoos que leva tido, probao o ben que atinou cos gustos do noso público, e sabido é que no teatro, o público é o que manda. Ademais, o Lameiro non lle pide ó teatro galego mais do que hoxe pode realmente dar, e por iso todal-as suas obras son de dada realización na escea.

*Cóxegas e Moxetes* é unha nova colección de poesías—algúnha d'elas fora xa publicada en *NÓS*—que fan boa compañía ás de *A carón do Lume*, do que a segunda edición vai tamén aparecer aixiña. O parentesco literario do Lameiro con Lamas Carvaxal é cousa que xa se ten feito notar moitas veces. É inevitábel a lembranza, anque somentes co Carvaxal costumbrista, descriptivo. Non acontez igual no puramente lírico e subjetivo; eiqui, o Lamas tiña unha desespranza, unha tristura de curazón esgazado, que non aparez nos versos do Lameiro, que é mais donda, mais soavemente sentimental. É que o Lamas era un romántico, e o Lameiro non é xa un romántico, senón fundamentalmente, un realista, que ademais desbota espresamente toda moda, todo preciosismo, todo superrealismo. Atense á emoción primeira da natureza e da vida humán, na que sabe atopar tamén a sua tenra dozura.

*Cóxegas e Moxetes* leva un prólogo atinado de José Adrio Menéndez.

CANTIGAS E VERBAS AO AR, por XULIO SIGUENZA, Cruña, NÓS, 1928.

**O**s nosos leitores coñecen xa algúns poemas novos de Xulio Sigüenza, unha das intelectuais más despertas e un dos mais rexos

loitadores do galeguismo ultramariño. Non hai moitos meses tampouco que tivemos a lidelia de comentarmos eíqui mesmo outro libro seu en castelán, *La ruta aventurera*. Había ali verso de varias etapas, e polo tanto con diferentes diretrizes estéticas, embora animados da mesma y alma. Os versos galegos d'agora son todos de feitura nova. Feitos cecais co-a lembranza d'Amado Carballo, a quem devotamente adica o libro, son porén outra cousa diferente dos do morto poeta. Sigüenza semella unha migra menos lírico (musical) e mais plástico (imaxinista). Johana de Ibarbourou, a delicada poetisa uruguaya, filla de galego e chea do espírito de Rosalía, que puxo ao libro do Sigüenza unhas fermosas e atinadas verbas límiaras, anticipou o noso xuizo, cando pon: «Para Sigüenza, imaxineiro latino, o vento do inverno é un pegureiro; a noite é unha noiva enfeitada de branco; as estrelas nenas que van á escola levadas pol-a lua, anémica institutriz meio parva». É, com'ela dí, a humanización e a zooloxización (cecais millor vivificación?) da natureza inteira, principiando polo céo. O que foi de cote toda verdadeira poesía, e o que terá que ser sempre... Pode que se deshumanice a plástica —anque esa deshumanización seña inhumana— mais non ha pasar asina coa lírica. E menos no Sigüenza, que é fondamente humano, porque é galego, ou seña, home de humanidade orgánica, anfimeca, vital. O mesmo que dicir poeta. V. R.

#### HOMENAJE A D. CARMELO DE ECHEGARAY (Miscelánea de estudios referentes al País Vasco), San Sebastián, 1928.

ESTE libro en homaxe ó ilustre vasquista foi preparado pol-a Sociedade d'Estudos Vascos, por acordo da Diputación de Guipúzcoa, co-a cooperación das de Alava e Vizcaya. Componse de valiosos escritos, pra dar ideia dos quales damos eíqui o sumario:

Serapio de Mugica, *Los Gascones en Guipúzcoa*. — Telesforo de Aranzadi, *Espantajos de ingenio y monigotes de superstición*. — Manuel Serrano y Sanz, *Un documento del obispo aragonés D. Antón*. — G. Olphe Galliard, *Les basques du pays de Labourd*. — N. Alonso Cortés, *Esteban de Garibay y el «Compendio Histórial»*. — Fr. José Adriano de Lizarralde, O. F. M., *Valor histórico de la efigie de Ntra. Sra. de Iciar*. — Francesch Carreras y Candi, *Algunas mostres de llengua ibérica en territori éuskar*. — J. C. de Guerra, *Algo de Heráldico*. — V. Dubarat, J. B. Daranatz, *La mort de Roland à Roncesvaux d'après quelques textes legendaires*.

— Enrique de Eguren, *Nuevos datos acerca de la Prehistoria en Alava. El túmulo de Oizúa*. — Beatrice Quijada Cornish, *A Contribution to the study of the historical novels of Francisco Navarro Villoslada*. — Fr. Zacarías Martínez, O. S. A., *Semblanza de San Francisco Javier*. — J. Miguel de Barandiarán, *Mari, o el genio de las montañas*. — Luis M. de Uriarte Lebario, *La vinculación en Oñate*. — P. Miguel Cerezo, *Iglesia de Santa María de Portugalete*. — Florencio Amador Carrandi, *Documento interesante*. — A. Rubió y Lluch, *Conquista de Tebas por Juan de Urubia*. — Fr. Juan Ruiz de Larriaga, *La tradición artística de la provincia franciscana de Cantabria*. — Julio Altadill, *De re geographicó-historica. Vias y vestigios romanos en Navarra*. — C. C. Uhlenbeck, *Quelques observations sur le mot «ilargi»*. — Arturo Farinelli, *Petrarca e Laura*. — Miguel Artigas, *Notas para la Biografía del «Examen de Ingentios»*. — Apraiztar Odon, *Euskal-Olertiaren bereziki bat: Izadiyari deya maitsunezko olerki-astikeran*. — Dario de Arciello, *Algunos pueblos de Castilla que tenían el Fuero de Vizcaya*. — Arturo Campion, *Reyes de Navarra en el destino*. — H. Gavel, *Note sur le nom basque Cherbero*. — Adolfo Bonilla y San Martín, *Notas sobre dos leyes del Fuero de Navarra en relación con el «Amadís de Gaula»*. — Gregorio de Mujica, *Don Carmelo de Echegaray*.

ENTR' O CLAVO I-A FERRADURA  
por ANTÓN GOY DÍAZ, Lugo, 1928.

PEQUENO folletiño subtidoado: *Contos e poemas do ferreiro Mocles*, no que alternan a prosa e o verso en misturanza. Son esceas da vida real da aldeia, nas que desfian por diante do leitor tipos coñecidos, sendo todo referido en xeito humorístico e d'esprimentada sabencia de refrán. Libriño de costumbrista feito na moda do outro século, anque hai n'il un senso de paisaxe que non é d'aquél tempo, senón do noso, e que atira ao autor mais car'a nós, coma se vê en *Den-d'a Pena da Rapadoira*. De todos modos, o autor escribe ben soltamente e con bon senso. Adiante, pois.

#### REVISTAS

A NOSA TERRA, 1.º Marzal, 1929.

SUMARIO: *Ao decorrelar os días*. — *Con ferreñas e pandeiro*, por Damil. — *A bordo do «Arlanza»*, por Corona González. — *Himno da arbre froital* (trad. de Maragall) por Xosé Iglesias Roura. — *Con sentimento*, por Millo-

bre Pinto.—*Dóas*, por Antón Goy Diaz.—*O sentimento nazonalista e o Internazonalismo*, por Ramón Villar Ponte.—*Academia Gallega. Ingreso de Vicente Risco*.—*O Carmelo do Cordillo*, por Antón Fraguas Fraguas.—*Unha galega exemplar*.—*Follas novas*.

BOLETÍN DE LA REAL ACADEMIA GALLEGAS, Cruña, 1.º Febrero, 1929.

**S**UMARIO: *El R. P. Celestino García Romeiro*, por Félix Estrada Catoya.—Ríos gallegos: *El Jallas o Ezaro*, por Heliodoro Gallego Armesto.—*El escudo de Ribadeo*, por F. Lanza Alvarez.—*Memoria acerca de la imprenta y el periodismo en la provincia de Orense*, por Eugenio Carré Aldao.—*Sección oficial. Noticias. Colección de documentos históricos*.

PORVCALE, Porto, núm. 6.

**S**UMARIO: *As Galderias*, por Brito Camacho.—*Duas palavras sobre metaforismo sinestíscico*.—*Portugués Prático*.—*Poucuchinho Pinguchinho*, por Claudio Basto.—*As Présas*, por Ferreira Soares.—*Soneto*, por Nunes Claro.—*As tinhias na tradição popular e na literatura portuguesa*, por A. Lima Cameiro.—*Subsídios para o estudo das consequências da analogia em português*, por Rodrigo de Sá Nogueira.—*Inéditos e autógrafos*, por Claudio Basto.—*Varia*.—*In memoriam* (Magalhães Lima e H. Sudermann).—*Bibliografia*.—*Novidades*.—*Res et Verba*

Janeiro-Fevereiro 1929.

**S**UMARIO: *Cartas de Amor*, por J. Leite de Vasconcelos.—*Um retrato e uma carta de Ramallo Ortígoa*, por Claudio Basto.—*Dificuldades do Dr. Velasco de Gonveia para ser desembargador da Casa da Suplicação*, por Antonio Baião.—*Epigrafia Portuguesa*, por Pedro Vitorino.—*A Lareira*, por Ferreira Soares.—*A Estação Asturicense de Areosa*—*Viana-do-Castelo*, por Abel Viana.—*Vasco Fernandes o «Grão-Vasco»*, por Maximiano Aragão.—*Varia: Gotthold Ephaim Lessing*, por Providencia Costa.—*De uma carta de namoro*, por M. Cardoso Martha.—*Um retrato do 1.º Conde de Amanante da autoria do celebre pintor espanhol Goya*, por Henrique de Campos Ferreira Lima.—*Portugués práctico*, por Claudio Basto.—*Nota ao artigo «Cartas de Amor»* por J. Leite de Vasconcelos.—*In memoriam: Ju-*

*lio de Vilhena*, por Claudio Basto.—*Gente de casa: Joaquim de Vasconcelos*, por A. C. Pires de Lima.—*Bibliografía*, por P. V., A. Supião de Carvalho e C. B.—*Novidades*.—*Leilões de livros*.—*Res et Verba*.

Anuncia as obras que ten no prelo a Empresa NÓS, as Semanas Galega e Portuguesa e da conta da iniciativa de celebrar o centenario do nacemento de Rosalía e Murguía—debido, como se sabe, á iniciativa do noso compaño A. Villar Ponte—e indica tamén a idea que o Portucale ten de fazer, en tempo oportuno, unha esposizón do Libro Galego.

Nas follas d'anuncio, ten a xentileza que moito agradecemos de inserir os de Nós, *A Nosa Terra* e as ediciós de NÓS.

BROTÉRIA, Pórtico, Janeiro, 1929.

**S**UMARIO: *O trabalho en función da Ideia Religiosa*, por Luis Gonzaga Cabral.—*Trasmigração e reincarnaçao*, por Raul Machado.—*Fronteira portuguesa no sec. XII*, por Juiz G. de Azevedo.—*A Colecção «Veritas»*, por Paulo Durão Alves.—*Da mecânica relativista à mecânica ondulatoria*, por Perez del Pulgar.—*Causas matrimoniais*, por E. Jombart.—*Crónica do Movimento Religioso*, por E. J.—*Revista de Revistas*.—*Notas bibliográficas*.—*Obras recibidas na Redacción*.—*Esemérides*.

Fevereiro 1929.

**S**UMARIO: *Sociólogo e Industrial Católico*, por Paulo Durão Alves.—*Trasmigração e reincarnaçao*, por Raul Machado.—*Fronteira portuguesa no sec. XII*, por Luis G. de Azevedo.—*A Aviação em 1928*, por M. Pizarro de Portocarrero.—*A Premiado de Estocolmo*, por Paulo Durão Alves.—*A obrigação das rubricas*, por L. Honoré.—*Crónica do Movimento Religioso*.—*Notas e factos*, por Dionel.—*Subsídios para o Vocabulário Portugués*, por J. Serafim Gomes.—*Revista de revistas*.—*Notas bibliográficas*.—*Obras recibidas na Redacción*.—*Esemérides*.

Março 1929.

**S**UMARIO: *Un Medium na Sorbona*, por Raul Machado.—*Romance para todos?*, por Paulo Durão Alves.—*A antiguidade do homem*, por Eugenio Jalhay.—*Novo sistema do Termo-regulador*, por Joaquim Redin.—*A margem da Jerarquia?*, por J. Creusen.—*Subsídios para o Vocabulário Portugués*, por J. Serafim Gomes.—*Revista de revistas*.—*Notas bibliográficas*.—*Obras recibidas na Redacción*.—*Esemérides*.

LA FIERA LETTERARIA,  
Milano, ns. 5 a 10, ano V.

**I**NTERESANTISMA pubicazón literaria, un pouco pol-o estilo (cecais principalmente pol-o feito de diario que ten) de *Les Nouvelles littéraires* de París e de *La Gaceta literaria* de Madrid, anque mais nacional que calquera das duas, que ten unha posición relevante no mais adiantado movemento das letras italianas de hoxe en día.

Leendo *La fiera letteraria* posne un en comunicazón co-esta que xa van chamando a *quarta Italia*, movimentada e nervosa, na precura ardente de si mesma. Houbo un tempo no que a Hespaña inteira estivo pendente da Italia, e lia con afán os homes do *rissorgimento*. Foi d'aquela cando en Galiza se lian tamén os escritores italiáns. Os libros italiáns tiñan un posto de honra na biblioteca de Pondal. Despois d'aquello, a infuencia francesa—os románticos, os parnasians, os naturalistas, o curioso, abigarrado e espréndido *fin de siècle*, co decadentismo e o simbolismo,—a importazón das literaturas nórdicas, scandinava e rusa, etcétera, desviou a atención da Italia, da que soilo viñan as derradeiras voces de Carducci e a brillante sonería de D'Annunzio. O demais éranos descoñecido (salvo, derradeiramente, os futuristas). Ficabá antre nós algúm afeizado ás letras italiáns, coma o noso compaño Antón Lousada Diégues, gran leitor de Fogazzaro, e tradutor en galego dalgúns poemas de Leopardi.

Por isto todo, a Italia literaria de hoxe ha ser pr'os mais de nós, unha sorpresa. E con seguranza que pra case todos, ha resultar moito mais dino d'intrés e d'estudo do que s'imaxinaban. Ainda hoxe hai antre nós e ten que haber unha certa desconfianza contra da Italia de hoxe debida ós maus ollos con que se mira o fascismo, o qual, ademais, ollado de lonxe, semella outra cosa moi diferente do que cecais é s'un a olla de perto. O mesmo qu'o comunismo ruso.

Unha boa ollada en col do que hoxe acontece na Italia no terreo do espírito, díceo no número do 17 Febreiro da *Fiera* o artigo *La gioventù di oggi*, que remata un inquérito feito no profesorado universitar e das escolas superiores. Concruie que a mocidade italiana de hoxe posée: «un mais alto sentimento da dinidade nacional, unha meirande coñecencia da vida e un mais vivo senso realistico», e si ten menos inquietud, menos curiosidade intelectual e pol-o tanto escaso gosto pol-a cencia pura, a filosofía e a arte—defeitos pol-o demais de toda a mocidade do mundo occidental—tamén en troques está ceibe do escepticismo, do pesimismo, do cosmopolitismo, etc.

*La Fiera letteraria*, ademais dos artigos notábeles que enchen as primeiras páxinas (ten oito), trai sempre seicións adicadas ás belas artes, ó teatro, ós libros da semán, ás novedades bibliográficas e mercado d'edizóns antigas, a literaturas estranxeiras, crónica científica, filosófica, etc. Isto todo fai d'ela unha fonte informativa de moito valor.

No número do 24 Marzo e na sección *Nord-Sud*, e baixo a rubrica: *Un romanzo galego*, o Dr. Giacomo Prampolini insere unha garimosa apreciazón de *O porco de pé*, de Vicente Risco, e do *Diccionario galego-castelán*, de Leandro Carré.

#### LE CRI DES PEUPLES.

**O**s números de Febreiro e Marzo d'ista revista adicada a defender os dereitos inmorredoiros dos pobos e das minoridades nacionais, conteñen impresionantes perspetivas, feitos eispresivos, estudos e lembranzas sobre o verdadeiro mapa do mundo disfrazado no mapa político polos variados imperialismos. Destácanse entre outros os artigos «*Le Réveil de la Flandre*» por H. Brugmans, as respostas de Severine, Romain Rolland, Bernard Shaw, de Monzie, o Dr. Forel, Victor Margueritte, e Mgr. Van Noli antigo presidente do Consello de Albania sobr'a cuestión de Yugoeslavia, «*Un mariage de raisons*» por Ilya Ehrenbourg e... teríamos que citar todolos artigos e total-as notas pois todas son interesantes e suxestivas pr'os que sinten a grandeza dos nazionalismos.

#### SEARA NOVA, número 139.

**S**UMARIO: *Factos e documentos*.—*O Algarve na «Guia de Portugal» (Cartas a Fernandes Lopes)*, por Raúl Proença.—*O cacau de S. Tomé*, por A. Chaves de Almeida.—*Dissertação discutida*, por J. Santa-Rita.—*Monumentos e estátuas da capital*, por Paulino Monteiro.—*Um soneto de Tagore, tradução*.

#### Número 140.

**S**UMARIO: *Factos e documentos*.—*Cartas do Brasil. Um português ilustre*, por Sarmiento Pimentel.—*A Ilha verde e vermelha de Timor*, por Alberto Osório de Castro.—«*Renascimento musical*». *Uma conferência no teatro de Gimnásio*, por Antonio Bastos Guerra.—*Caillaux, «cabeça de turco»*, por David Ferreira.

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32  
SANTIAGO

San Andrés, 50  
A CRUÑA

CASA ESCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

**FOTOGABADO**

Si quer qu'os seus fotogabados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos  
**Talleres de fotogabado ESPASA-CALPE S. A.**  
Rios Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Axiña aparecerá  
o segundo libro de

C O U S A S  
por CASTELAO.

F. ROMAN e SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

# NÓS, Publicacións Galegas e Imprenta

## Real 36-l.<sup>o</sup>

## A Cruña.

Si ainda non ten as nosas producións pídala axiña  
e contribuirá ó rexurdir cultural de Galicia.

ESTEBO, por Xosé Lesta Meis.	3'50	pesetas.
HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA, por Ramón Villar Ponte.	5'00	*
GRABADOS EN LINOLEUM, por Xaime Prada.	2'50	*
A TOLA DE SOBRÁN, por Farruco Porto Rey.	0'80	*
TRÍPTICO TEATRAL, por Antón Villar Ponte.	3'00	*
A FIESTRA VALDEIRA, por Rafael Dieste.	2'50	*
DOCTRINA NAZONALISTA, por Ramón Villar Ponte.	2'50	*
OS CAMIÑOS DA VIDA (novela en tres partes), por Ramón Otero Pedrayo.	2'50	*
OS SEÑORES DA TERRA (1. <sup>a</sup> parte).	2'00	*
A MAORAZGA (2. <sup>a</sup> parte).	2'50	*
O ESTUDANTE (3. <sup>a</sup> parte).	2'50	*
DE CATRO A CATRO, poemas por Manuel Antonio.	1'50	*
O PORCO DE PÉ, novela por Vicente Risco.	3'00	*
MARÍA ROSA, comedia por Gonzalo López Abente.	1'20	*
CANTIGAS E VERBAS AO AR, poesías de Sigüenza.	2'00	*
DE MIN PRA VÓS, contos populares por Ricardo Carballal.	1'00	*
O BUFÓN D'EL REI, drama por Vicente Risco.	0'80	*
O GALO, poesías de Amado Carballo.	3'00	*
SEGUNDO LIBRO DE COUSAS, por Castelao.	3'00	*
A VOLTA DO BERGANTINAN, por Xesús San Luis Romero.	0'50	*
ROMANCES GALEGOS, por E. Blanco Amor.	4'00	*
A LAGARADA, por Ramón Otero Pedrayo.	0'80	*

## PORTUCALE

REVISTA ILUSTRADA BIMESTRAL  
DE CULTURA LITERÁRIA, SCIEN-  
TÍFICA E ARTÍSTICA



Estuda a Terra, o Povo, e a Língua de  
Portugal

Bibliografia portuguesa e estrangeira



Directores:

AUGUSTO MARTINS, CLAUDIO BASTO  
& PEDRO VITORINO

Colaboração dos melhores Escritores  
portugueses



Assinatura anual:

Portugal continental e insular, 15 escudos.

Colónias portuguesas, 25 escudos.

Brasil, 10 pesos 000 réis.

Outros Países, 6 chelines.



Redação e Administração:

R. dos Mártires da Liberdade, 178

Pórt (Portugal).

## Edicións de MARANUS

Rua dos Mártires da Liberdade, 178

PORTO

Nérion de Matos — A Província de Angola	30	esc.
Wenceslau de Moraes — Relance da História do Japão.	12	*
Ezequiel de Campos — Política.	10	*
Carlos Parreira — Ex-Votos.	10	*
João T. de Vasconcelos — Memórias dum caçador de elefantes.	10	*
Branca Lopes Martins — Contos para crianças (Ilustrado).	8	*
Claudio Basto — Foi Eça de Queirós um gladiador?	15	*
Claudio Basto — A Linguagem de Camilo.	15	*
— O Doutor Diabo.	5	*
Pina de Moraes — Ao Parapeito.	10	*
Leonardo Coimbra — O problema da Educação Nacional.	2,5	*
— S. Francisco de Assis.	5	*
— Notas sobre a Abstracção Scientifica e o Stilismo.	5	*
Augusto Martins e Marques Teixeira — Tábua de logaritmos (a cinco decimais).	18	*
Augusto Martins — Elementos de Aritmética (1. <sup>a</sup> e 2. <sup>a</sup> classes).	10	*
— Elementos de Álgebra (3. <sup>a</sup> classe).	8	*
— Elementos de Álgebra (3. <sup>a</sup> , 4. <sup>a</sup> e 5. <sup>a</sup> classes).	18	*
— A Matemática.	10	*
— Trigonometria plana.	10	*
— Liceu Feminino do Porto.	5	*
Lidia Seifullina — Caminhantes.	8	*
A. C. Pires de Lima — Cancioneiro Popular de Vila-Real.	6	*
Leão Martins — Lá diz o ditado...	2	*
Visconde de Vila-Moura — Entre Mortos.	6	*

Pidan o catálogo ilustrado



## A hixiene dos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
**UNICO EN EL MUNDO**



O Xabrón da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro



AGUAS DE  
**MONDARIZ**  
FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO  
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as  
Boticas, Drogueirías  
Hotels,  
Depósitos d'augas  
minerás,  
Restaurants e  
vagós-camas de  
todol-os trés

As mais indicadas en casos  
de artifrismo, desnutrizón, diabetes,  
obesidades diversas, doenças do  
aparello dixestivo, anemia  
e neurastenia

Riquisma auga de mesa  
gaseada naturalmente.

**MONDARIZ - BALNEARIO**  
a 35 kilómetros de Vigo